

## TÉCNICAS É HÁBITOS DE ESTUDO

### LECCIÓN 5: ANÁLISE DOS CONTIDOS DO TEMA

Trátase de ler e analizar, un a un, os apartados do tema. Cando lemos, temos que buscar respostas concretas ás preguntas formuladas, acerca do enunciado do título.

O obxectivo do análise é identificar os conceptos clave e a información máis relevante, é dicir distinguir as ideas dos datos e descubrir a relación entre os conceptos.

1.- Ler todo o apartado tratando de descubrir os conceptos e a información que mellor responda ó título.

2.- Ler despois de xeito detallado, cada parágrafo (ó texto comprendido entre dous puntos e aparte), tratando de distinguir a información principal da secundaria.

A información de cada parágrafo responde a algúns aspectos do título, a algunha das preguntas feitas.

Unha idea principal é unha información, que da resposta a unha pregunta do enunciado. Si suprimimos esta información o parágrafo non ten senso.

- *Unha regra básica* ao escribir é, tratar en cada parágrafo un único contido, xeralmente nos textos escolares, en cada un desenrólase un concepto central ou idea principal

- *Outra regra* é que en cada frase (entre punto e punto), só aporte un asunto que explica algún aspecto dun contido xeral.

Case sempre, nun parágrafo encontramos unha única idea principal e varias explicacións secundarias.

3.- Poñer un título ao parágrafo. Pensar unha palabra que resuma o seu contido e escríbela ao marxe. Os títulos deben ser cortos e concretos. Así ao construír títulos comprendes e recordas mellor, ademais axúdate a identificar a información principal do parágrafo cando memorices ou repases o tema.

4.- Facer anotacións ó marxe para seleccionar e organizar a información. Facer uso por exemplo dunha frecha que sinala onde esta o importante. Para simplificar unha frase complexa, para indicar como se desenrola o contido, por exemplo: autor ➡ data ➡ teoría ➡

Coas anotacións podes sinalar, esclarecer, ordenar a información.

As anotacións melloran a comprensión e o recordo.

5.- Subliñar a información máis relevante, so despois de distinguir o principal do secundario, podes subliñar.

Subliñar é unha forma de destacar a información.

O subliñado é unha técnica básica do traballo intelectual ( a trataremos na lección 6).

Subliñar é destacar, mediante un trazo, as partes esenciais un escrito (frases ou palabras clave). O resaltalas, centramos máis a atención en elas, co que aforramos esforzo e ademais é máis proveitoso o traballo intelectual.

A técnica de subliñado non substitúe ás anotacións, senón as complementa.

A idea principal está contida en unha das frases que compoñen o parágrafo, a frase principal ou clave. Esta pode estar situada ó principio, en medio ou ó remate do parágrafo. As directrices para a súa situación son:

Ao inicio do parágrafo , de modo que as frases que seguen, solen servir de explicación (parágrafo dedutivo).

Na metade do parágrafo , de modo que as frases anteriores sirvan como prólogo e as que a seguen serven para matizala ou ampliála.

As ideas poden ir ó remate do parágrafo, polo que as frases iniciais serven como introdución (parágrafo dedutivo).

Tamén atención cos sinónimos e a palabra que máis se repite. A palabra clave da idea principal é, xeralmente, a que máis se repite, aínda que o autor a disfrace moitas veces con sinónimos que, en realidade, teñen o mesmo significado fundamental.

Pode pasar que a idea principal aparece distribuída en todo o parágrafo ao longo de varios parágrafos, de xeito que o lector teña que sacar coas súas propias palabras, a idea

principal que o autor quere transmitir. Existe a posibilidade de que en un mesmo parágrafo, encontremos varias ideas e noutros no encontremos ningunha, pois serve de enlace entre parágrafos.

A frase principal é máis xenérica e imprescindible dentro do parágrafo, ademais expresa unha afirmación máis ampla e abstracta que inclúe a todas as demais. As frases secundarias non son imprescindibles e solen repetir, detallar ou ilustrar os argumentos expresados na frase principal.

**Frase principal:** a máis xenérica, a de comprensión máis ampla. É imprescindible dentro do parágrafo, de xeito que si se suprime, o sentido ou pensamento do autor queda incompleto. Expressa unha afirmación máis ampla, na que as demais frases quedan incluídas e resumidas.

**Frases secundarias:** se as suprimes, apenas cambia o significado xeral do parágrafo, a súa supresión non afecta ó contido xeral. Xeralmente son unha simple repetición da frase principal, con distintas palabras. Dan detalles, ilustran ou aportan argumentos que proban o expresado na idea principal.